

ANUNCIO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DÚAS (2) PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, MUSICO TROMPETA, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, subgrupo A2.

Consonte ao disposto no 3.3 in fine das Bases Especificas publicadas no BOP de 16/01/2023 faise publica a realción de respostas correctas ás preguntas formuladas no primeiro exercicio realizado o 20 de maio de 2024.

As persoas interesadas poderán presentar reclamación que consideren oportunas referidas ás preguntas ao seu contido e ao cadro de respostas correctas no prazo de 5 días contados desde o seguinte ao da súa publicación

1. B	35. C
2. D	36. B
3. A	37. C
4. A	38. B
5. B	39. C
6. C	40. B
7. B	41. C
8. B	42. C
9. C	43. B
10. C	44. B
11. A	45. D
12. A	46. C
13. A	47. A
14. C	48. C
15. B	49. C
16. B	50. D
17. A	51. A
18. D	52. A
19. B	53. A
20. D	54. A
21. B	55. C
22. B	56. B
23. A	57. D
24. C	58. B
25. C	59. C
26. C	60. B
27. B	61. B
28. D	62. B
29. C	63. D
30. B	64. A
31. B	65. D
32. C	66. B
33. C	67. B
34. C	68. A

69. B
70. C
71. C
72. B
73. A
74. D
75. C
76. A
77. B

78. C
79. B
80. C
81. C
82. D
83. A
84. B
85. D
86. D

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DÚAS (2)
PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, MUSICO TROMPETA DA
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBGRUPO A2.

EXAMEN DATA 20 DE MAIO DE 2024

1.- A Constitución española NON esixe lei orgánica para regular:

- a) O réxime electoral xeral
- b) A protección do patrimonio cultural
- c) O dereito de asociación
- d) O dereito á educación

2.- Que tipo de lei regula o Estatuto de autonomía de Galicia?

- a) Unha lei ordinaria
- b) Unha lei do parlamento de Galicia
- c) Un decreto-lei
- d) Unha lei orgánica

3.- O sector publico segundo establece o artigo 2 da lei 40/2015 de 1 de outubro, comprende :

- a) A administración xeral do Estado, as administracións das Comunidades Autónomas, as entidades integrantes da Administración Local e o sector público institucional.
- b) A administración xeral do Estado e o sector público institucional.
- c) O sector público institucional xeral e autonómico.
- d) Ningunha é correcta

4.- Sinale a INCORRECTA:

- a) O defecto de forma determina sempre a anulabilidade do acto administrativo
- b) A nulidade dun acto non implicará a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro
- c) A anulabilidade dun acto non implicará a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro
- d) A administración poderá convalidar os actos anulables, subsanando os vicios de que adoezan.

5.- Segundo o artigo 39.1 da Lei 39/2015 do procedemento común das administracións públicas, os actos administrativos se presumen válidos e producirán efectos:

- a) No momento en que se notifiquen
- b) Dende a data na que se diten, agás que neles se dispoña outra cousa
- c) Aos dez días da súa notificación ou publicación
- d) Cando remate o prazo para interpoñer recurso en vía administrativa

6.- Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, os actos administrativos son nulos de pleno dereito (Sinala a INCORRECTA):

- a) Cando teñan un contido imposible
- b) Cando lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- c) Cando se diten fóra de prazo
- d) Cando así o estableza unha disposición con rango de lei

7.- Nos procedementos selectivos ou de concorrencia competitiva:

- a) En ningún caso poderá requirirse ás persoas interesadas a emenda da súa solicitude
- b) Poderá requirirse ás persoas interesadas que emenden a súa solicitude no prazo máximo de 10 días.
- c) Poderá requirirse ás persoas interesadas que emenden a súa solicitude no prazo máximo de 10 días, e éste poderá ampliarse outros 5 días cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.
- d) Ningunha é correcta

8.- Son elementos do Municipio:

- a) O territorio, a poboación e as competencias
- b) O territorio, a poboación e a organización
- c) O territorio, a poboación e os barrios

d) Ningunha é correcta

9.- O artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece como regra da organización municipal que:

- a) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen en todos os concellos con poboación superior a 5.000 habitantes.
- b) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen en todos os concellos con poboación inferior a 5.000 habitantes.
- c) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen en todos os concellos.
- d) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen en todos os concellos con poboación superior a 6.000 habitantes

10.- O artigo 6 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que as entidades locais serven con obxectividade os intereses públicos que lles están encomendados, e actúan de acordo cos principios de:

- a) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
- b) Descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao dereito.
- c) Eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao dereito.
- d) Eficacia, descentralización e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao dereito.

11.- Para que proceda a disolución dos órganos das corporacións locais segundo o previsto no artigo 61 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, é necesario que:

- a) Esteamos diante dunha xestión gravemente danosa para os intereses xerais que supoña incumprimento das súas obrigacións constitucionais.
- b) Esteamos diante dunha xestión gravemente danosa para os intereses xerais que supoña incumprimento das súas obrigacións legais.
- c) Esteamos diante dunha xestión lesiva para os intereses xerais aínda cando non supoña incumprimento das súas obrigacións constitucionais ou legais.
- d) Esteamos diante dunha xestión gravemente danosa para os intereses xerais que supoña incumprimento das súas obrigacións constitucionais.

12.- Segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o municipio e a provincia:

- a) Teñen personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

- b) Non teñen personalidade xurídica, pero si capacidade para o cumprimento dos seus fins
- c) Teñen personalidade xurídica e necesitan supervisión da administración autonómica para o cumprimento dos seus fins.
- d) Teñen personalidade xurídica pero non plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

13 Segundo o artigo 52 do Real Decreto 2588, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Comisión de Goberno está integrada por:

- a) O alcalde, que a preside, e concelleiros nomeados libremente por el coma membros da mesma.
- b) O alcalde, os concelleiros e o Pleno.
- c) O alcalde, os tenentes de alcalde e os concelleiros nomeados libremente polo alcalde como membros da mesma
- d) O alcalde, os tenentes de alcalde e os secretarios.

14.- Segundo o artigo 32 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, cando prescriben as sancións impostas pola comisión de infraccións graves?

- a) Ao ano
- b) Aos dous anos
- c) Aos tres anos
- d) Aos cinco anos

15.- Segundo o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), para o acceso aos corpos ou escalas do grupo B esixírase estar en posesión de:

- a) Título universitario de Grao
- b) Título de Técnico Superior
- c) Título de bacharel ou técnico
- d) Título de graduado en educación secundaria obrigatoria

16.- Segundo o TREBEP, a potestade disciplinaria exercerase de acordo cos seguintes principios (sinale a incorrecta)

- a) Principio de legalidade e tipicidade das faltas e sancións

- b) Principio de retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables e de irretroactividade das favorables ao presunto infractor
- c) Principio de proporcionalidade, aplicable tanto á clasificación das infraccións e sancións como á súa aplicación
- d) Principio de culpabilidade e de presunción de inocencia

17 Tanto exipcios como mesopotámicos estudaron os principios matemáticos do son, pero: cando se considera que comeza unha escola de investigación para codificar as matemáticas da música?

- a) Con Pitágoras no século VI a C.
- b) Con Boecio no século V d. C.
- c) Con Boecio no século IV d. C.
- d) Con Pitágoras no século V a. C.

18 Con que época está relacionada unha concepción metafísica da música?

- a) Época clásica
- b) Idade Media
- c) Época renacentista
- d) Época romántica

19. Que tipo de textura representa a técnica das mesturas, empregada por compositores impresionistas?

- a) Textura paralela
- b) Textura homofónica
- c) Textura contrapuntística
- d) Textura micropolifónica

20 Que é a textura contrapuntística?

- a) O desenvolvemento de varias voces simultáneas, de natureza harmónica, independentes entre si e cunha importancia semellante
- b) O desenvolvemento de varias voces consecutivas, de natureza melódica, independentes entre si e cunha importancia semellante
- c) O desenvolvemento de varias voces consecutivas, de natureza harmónica, independentes entre si e cunha importancia semellante
- d) O desenvolvemento de varias voces simultáneas, de natureza melódica, independentes entre si e cunha importancia semellante

21. Que tipo de contrapunto é o empregado no xénero da fuga?

- a) Contrapunto simple
- b) Contrapunto invertible
- c) Contrapunto libre
- d) Contrapunto fugado

22. No estilo de que compositor se baseou o tratado de contrapunto Johann Joseph Fux, *Gradus ad Parnassum*?

- a) J. S. Bach
- b) Palestrina
- c) Monteverdi
- d) Teleman

23. Que transformación foi fundamental na música renacentista para o emprego de interválicas de terceira e sexta?

- a) O cambio da afinación pitagórica á mesotónica
- b) A consolidación da afinación temperada
- c) O cambio da afinación mesotónica á pitagórica
- d) A consolidación da afinación pitagórica

24. Cal destes compositores foi un importante teórico na música renacentista?

- a) Rameau
- b) Guida D'arezzo
- c) Tinctoris
- d) Boecio

25. Que afirmación é falsa con respecto á harmonía propia do clasicismo?

- a) A frase periódica estrutura o discurso
- b) A cadencia ten valor estrutural
- c) A secuencia harmónica estrutura o discurso
- d) As funcións tonais simplifican e estruturan a harmonía

26. Que sistema de afinación permitía modular a calquera tonalidade no período clásico?

- a) Afinación pitagórica
- b) Afinación xusta
- c) Afinación circular
- d) Afinación microtonal

27.- Que é unha dominante secundaria?

- a) Unha dominante que resolve en cadencia imperfecta na tónica
- b) Un acorde alterado que supón a sensibilización de calquera grao da tonalidade
- c) Un acorde de sétima que non resolve nunha tónica
- d) Un acorde alterado que evita o emprego dunha cadencia auténtica

28.- Cal das seguintes non é unha característica propia da harmonía romántica?

- a) Sextas aumentadas
- b) Acorde de sexta napolitana
- c) Relacións mediánticas
- d) Acordes paralelos

29. Cal destas correntes non se corresponde coas propias de finais do XIX e comezos do XX?

- a) Impresionismo
- b) Neoclasicismo
- c) Espectralismo
- d) Neomodalismo

30. Que sistema compositivo empregou relacións harmónicas de substitución tritonal baseado nas funcións tradicionais?

- a) Sistema planetario
- b) Sistema axial
- c) Sistema politonal
- d) Sistema mensural

31. Que tipo de notación musical se utilizaba principalmente na música gregoriana?

- a) Notación bizantina
- b) Notación neumática
- c) Notación moderna
- d) Notación grega

32. Que innovación importante supuxo a notación mensural durante o Renacemento?

- a) Indicacións da forma melódica sen precisar duración
- b) Símbolos para representar a dinámica musical
- c) Especificación exacta da duración e altura das notas
- d) Uso de claves para indicar diferentes rexistros vocais

33. Que termo se utiliza para referirse á materia que estuda a flexibilidade do tempo na música?

- a) Ritmo
- b) Rubato
- c) Agóxica
- d) Métrica

34. A quen se debe a invención do metrónomo?

- a) Franz Frederick
- b) Etienne Loulié
- c) Johann Mälzel
- d) Abbas Ibn Firnas

35. Cal dos tipos de variación non establece Zamacois no seu tratado de formas musicais?

- a) Ornamental ou melódica
- b) Decorativa ou harmónico-contrapuntística
- c) Ornamental ou harmónica
- d) Amplificativa, libre ou gran variación

36.- Que son as mutacións na arte da fuga?

- a) Modulacións entre diferentes entradas
- b) Notas en que se diferencian o suxeito e a resposta nunha fuga tonal
- c) Modificación entre un suxeito e o seguinte debido ao cambio de tonalidade
- d) Todas son correctas

37.- Que é unha resposta real nunha fuga?

- a) Aquela na que realiza unha imitación rigorosa á cuarta superior ou quinta inferior
- b) Aquela na que realiza unha imitación rigorosa á cuarta superior
- c) Aquela na que realiza unha imitación rigorosa á quinta superior
- d) Aquela na que realiza unha imitación rigorosa á cuarta inferior

38.- Cal é a estrutura típica dos movementos nun concerto clásico segundo Zamacois?

- a) Allegro, Adagio, Minuetto, Allegro
- b) Allegro, Adagio, Allegro (ou Rondó)
- c) Adagio, Allegro, Presto
- d) Allegro, Allegro, Adagio, Rondó

39.- Cantas seccións ten o primeiro movement dunha sonata clásica?

- a) 1
- b) 2
- c) 3
- d) 4

40.- Que característica pertence á sinfonía preclásica?

- a) Baixo continuo
- b) 3 movementos
- c) 4 movementos
- d) Todas son falsas

41.- Cantas sinfonías compoñen as Sinfonías Londres de Haydn?

- a) 14
- b) 11

- c) 12
- d) 16

42.- Cal é o papel do órgano de Corti na audición?

- a) Transmite ondas sonoras a través do tímpano.
- b) Protexe o oído interno de infeccións.
- c) Converte as vibracións sonoras en sinais eléctricos que se envían ao cerebro.
- d) Regula a presión no oído medio.

43.-.Que fenómeno explica a capacidade do cerebro para recoñecer e distinguir sons en ambientes ruidosos?

- a) Enmascaramento auditivo.
- b) Atención selectiva.
- c) Potenciación a longo prazo.
- d) Inhibición lateral.

44.-.Cal é a función principal das células ciliadas externas no oído interno?

- a.) Transmitir impulsos nerviosos directamente ó nervio auditivo.
- b). Aumentala sensibilidade e selectividade de frecuencia da audición.
- c) Producir cerume para protexer a canle auditiva.
- d). Regular o equilibrio e a orientación espacial.

45.-.Que sistema de clasificación de instrumentos musicais propuxo Curt Sachs e Erich von Hornbostel?

- a). Clasificación baseada na época de creación.
- b) Clasificación baseada na cultura de orixe.
- c) Clasificación baseada na materialidade do instrumento.
- d) Clasificación baseada no método de produción do son.

46.-.Que teoría musical importante atribúese a Pitágoras na antiga Grecia?

- a) A teoría dos modos gregos.
- b) A harmonía das esferas.
- c) A relación matemática entre intervalos musicais.

d) O desenvolvemento de instrumentos de corda.

47.-.Cal era a función dos coros nas traxedias gregas?

- a) Comentar a acción e reforzar a moralidade da historia.
- b) Representar personaxes principais xunto aos actores.
- c) Narrar a historia sen interactuar cos actores.
- d) Proporcionar interludios musicais entre actos.

48.-.Que característica distintiva teñen os neumas na notación do canto gregoriano?

- a) Indican a duración exacta de cada nota.
- b) Representan unicamente os tons medios sen especificar alturas.
- c) Proporcionan indicacións melódicas sen precisar o ritmo exacto.
- d) Marcan os acentos métricos na poesía litúrxica.

49.-.Quen é considerado un dos primeiros trovadores coñecidos, famoso por desenvolver a forma da canso?

- a) Guillaume de Machaut.
- b) Hildegard von Bingen.
- c) Guilhèm de Peitieu (Guillermo IX, duque de Aquitania).
- d) Francesco Landini.

50.-.Que función tiña a música dos trovadores na sociedade medieval?

- a) Servir como medio de propaganda para a Igrexa.
- b) Funcionar exclusivamente como entretemento nos festivais.
- c) Transmitir noticias e sucesos a través dos cantos.
- d) Expresar o sentimento individual e a crítica social a través da arte.

51.-.Que técnica polifónica medieval implicaba a adición dunha ou máis voces a un canto gregoriano existente?

- a) Canto firmus.
- b) Ars Nova.
- c) Organum.
- d) Estampie.

52.- Cal foi unha das principais innovacións da Escola de Notre Dame no desenvolvemento da polifonía?

- a) Introducción da notación rítmica que permitía unha sincronización máis precisa das voces.
- b) Uso de instrumentos para dobrar as liñas vocais.
- c) Implementación do canto en linguas vernáculas.
- d) Desenvolvemento de formas musicais excepcións na danza.

53.-Que compositor é coñecido pola súa contribución ao desenvolvemento da polifonía durante o período medieval tardío, particularmente na transición ao Renacemento?

- a) Guillaume de Machaut.
- b) Hildegard von Bingen.
- c) Perotinus.
- d) Leonin.

54.-Que forma de polifonía involucra a imitación rigorosa entre as voces, onde cada voz entra sucesivamente coa mesma liña melódica?

- a) Canons.
- b) Fuga.
- c) Motete.
- d) Rondellus.

55.-Que característica define mellor a textura musical predominante durante o Renacemento?

- a) Monofonía.
- b) Homofonía.
- c) Polifonía.
- d) Textura de canto gregoriano.

56.-Que cambio importante na teoría musical consolidouse durante o período Barroco?

- a) O desenvolvemento da polifonía complexa.

- b) A formalización do sistema tonal, establecendo relacións xerárquicas entre tons e acordes.
- c) A introdución do sistema modal.
- d) O rexeitamento da notación musical.

57.-.Que forma musical, popular no Barroco, consiste nunha serie de variacións sobre un baixo repetido ou unha progresión harmónica?

- a) O canon.
- b) O ostinato.
- c) As variacións Goldberg.
- d) A passacaglia.

58.-.Cal é unha característica definitoria do estilo galante na música?

- a) Estructuras complexas e contrapunto elaborado.
- b) Melodías simples e directas con acompañamento lixeiro.
- c) Uso predominante de formas musicais baseadas na danza.
- d) Composicións moi ornamentadas.

59.-.Que diferenza fundamental existe entre o estilo rococó e o estilo galante na música?

- a) O rococó é menos ornamentado que o galante.
- b) O rococó enfatiza a polifonía mentres que o galante a homofonía.
- c) O rococó é máis ornamentado e exuberante.
- d) O rococó usa menos instrumentación que o galante.

60.-.Que innovación teórica é central na música do período clásico respecto ao desenvolvemento temático?

- a) O uso dunha soa melodía predominante ao longo de toda a composición.
- b) O desenvolvemento e variación de temas ó longo dun movemento.
- c) A repetición literal de seccións.
- d) A introdución de disonancias sen resolución.

61.-.Cal é un exemplo dunha forma musical desenvolvida durante o Romanticismo?

- a) A fuga.

- b) O poema sinfónico.
- c) A sonata.
- d) O concerto.

62.-.Que autor e compositor experimentou e teorizou a micro tonalidade no S.XX?

- a) Arnold Schönberg
- b) Alois Haba
- c) Steve Reich
- d) Oliver Messiaen

63.- Que autor experimentou coa indeterminación e a aleatoriedade dando así lugar á aparición de formas abertas?

- a) John Cage
- b) Terry Riley
- c) La Monte Young
- d) Todas son correctas

64.-.Quen é un dos máximos expoñentes da música concreta?

- a) Pierre Schaeffer
- b) Messiaen
- c) Luigi Nono
- d) Erik Satie

65.-.Que compositor é característico do serialismo integral?

- a) Messiaen
- b) Boulez
- c) Stockhausen
- d) Todas son correctas

66.-En contraposición a que estilo xurdiu o fenómeno do cool jazz?

- a) Swing
- b) Bebop
- c) Fusion

d) Blues

67.-.Cuantos compases contén a forma clásica do blues?

- a) 8
- b) 12
- c) 16
- d) Ningunha é correcta

68.-.Quen compuxo na segunda metade do S.XIX “Cantares viejos y nuevos de Galicia”?

- a) Marcial del Adalid
- b) José Canuto Berea
- c) Chané
- d) Pascual Veiga

69.-.Quen é o compositor de “Unha noite na eira do trigo”?

- a) Pascual Veiga
- b) Chané
- c) Juan Montes
- d) José Canuto Berea

70.-. Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, en que ano se crea a BMSC ao amparo da Casa Hospicio?

- a) 1850
- b) 1849
- c) 1848
- d) 1855

71.-.Quen foi o primeiro director da BMSC?

- a) Francisco Martínez
- b) Andrés Gómez Cidre
- c) Francisco Bañeras
- d) José Goterris

72.- Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, dende a chegada da radio á cidade, a banda participa activamente na programación radiofónica, acudindo ata dúas veces por semana. Este feito provoca que a banda non poida preparar os concertos da Alameda chegando a suspender varios deles. Ante as conseguíntes protestas da poboación por este feito, que se decide?

- a) Que a Banda deixe de acudir á radio
- b) Que se emitan os concertos da Alameda en directo
- c) Que se trasladen os concertos ao Teatro Principal
- d) Que se graven os concertos da Alameda e se emitan na radio sen que a Banda teña a obriga de acudir a esta

73.- Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, ¿que director da Banda está ao mando cando comeza a Guerra Civil e comeza o goberno franquista?

- a) Bernardo del Rio
- b) José Goterris
- c) Ignacio Rodríguez
- d) Ningún dos anteriores

74.- Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, no ano 1954, baixo a batuta de Pedro Echeverría Bravo ocorre un feito histórico na Banda, de que feito estamos a falar?

- a) A Banda amplía ata os 57 membros o cadro (máximo histórico)
- b) A Banda viaxa por primeira vez ao estranxeiro
- c) A Banda toca un concerto no Palacio do Pardo
- d) A Banda disólvese declarando o concello a excedencia forzosa do director e dos músicos

75.- Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela Montes que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, en 1982 aparece a primeira compoñente feminina da Banda, Sally Albaugh, que instrumento interpretaba?

- a) Trompeta
- b) Saxofón
- c) Fagot
- d) Óboe

76.- Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela Montes que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, a principios do século XX, a Banda recibía aos peregrinos á entrada da cidade e acompañábaos ata a Catedral, que himno se interpretaba durante o traxecto ata o ano 1919?

- a) Himno da Peregrinación de Santiago Tafall
- b) Himno da Peregrinación de Manuel Soler
- c) Himno do Apóstolo de Santiago Tafall
- d) Himno do Apóstolo de Manuel Soler

77.- Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela Montes que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, a Banda desprázase por primeira vez da cidade en 1874, a que lugares?

- a) Pontevedra e Coruña
- b) Noia e Caldas
- c) Padrón e Pontevedra
- d) Padrón e Vilagarcía

78.- Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela Montes que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, en 1971 baixo a dirección de Amador Santos Bartolomé, iniciase un proxecto de reorganización da Academia de Música para abastecer de músicos á Banda. Estes músicos formarían parte do cadro da Banda como bolseiros, a canto ascendía a retribución da beca?

- a) 40% da praza á que se optaba
- b) 50% da praza á que se optaba
- c) 60% da praza á que se optaba
- d) 70% da praza á que se optaba

79.- Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela Montes que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, cal é a procedencia do primeiro instrumental que posúe o colectivo musical?

- a) Orde do Concello para a compra de instrumental para a Casa Hospicio
- b) Procedente da desmembración da Banda da Milicia Nacional
- c) Procedente dunha doazón do empresario Isaac Fraga
- d) Todas as anteriores son correctas

80.- Segundo a tese doutoral de Beatriz Cancela Montes que plasmou no libro “La Banda Municipal de Santiago”, no cadro da Banda de 1932 baixo a dirección de Ignacio Rodríguez, incorpórase un instrumento ata agora inédito na Banda, de que instrumento se trata?

- a) Gaita
- b) Trombón de varas
- c) Contrabaixo
- d) Clarinete baixo

81.- Cal das seguintes definicións se axusta ao termo “medo escénico” aplicado aos músicos?

- a) Resposta neurolóxica do cerebro, xeralmente intensa, que xurde como consecuencia de pensamentos anticipatorios catastróficos sobre a situación real ou imaxinaria de realizar unha interpretación en público
- b) Resposta estresante do organismo, xeralmente intensa, que xurde como consecuencia de pensamentos anticipatorios catastróficos sobre a situación real ou imaxinaria de realizar unha interpretación en público
- c) Resposta psicofísica do organismo, xeralmente intensa, que xurde como consecuencia de pensamentos anticipatorios catastróficos sobre a situación real ou imaxinaria de realizar unha interpretación en público
- d) a e b son correctas

82.- Son distintas as terapias psicolóxicas para axudar a afrontar o medo escénico, sen embargo, cal é a que conta con maior respaldo empírico e por tanto a máis utilizada?

- a) Terapia Progresiva de Jacobson
- b) Coaching artístico
- c) Terapia de valores
- d) Terapia cognitivo-conductual

83.- O Salpinx é un instrumento atribuído ós

- a) Gregos
- b) Romanos
- c) Celtas
- d) Exipcios

84.- En que ano tocou Stölzel a súa trompa de válvulas por primeira vez?

- a) 1828
- b) 1816
- c) 1836
- d) 1835

85.- Cal destes non é un representante da escola francesa de trompeta?

- a) J.B. Arban
- b) E. Foveau
- c) L. Vaillant
- d) Todas son correctas

86.- Cal destes é o autor do Buzzing Book, da escola americana de trompeta?

- a) Max Schlossberg
- b) Alen Vizutti
- c) Thomas Stevens
- d) Ningunha é correcta